



En casos como a chegada de centos de migrantes no buque Aquarius

O sector da interpretación insta a recorrer a intérpretes profesionais voluntarios en situacións de emerxencia

A Rede Vértice, que agrupa máis de 6000 intérpretes e tradutores en España, avoga por mellorar os protocolos en despregues solidarios para garantir e protexer os dereitos dos máis vulnerables.

Xuño de 2018. A raíz da recente chegada do buque Aquarius a España, foi alentador ver a reacción tanto da Administración e das organizacións como da sociedade. A resposta da cidadanía ante a petición de voluntarios puxo de manifesto o altruísmo da nosa sociedade, así como a importancia da comunicación entre persoas de diferentes culturas e idiomas neste tipo de **situacións de emerxencia**.

Porén, e co fin de mellorar o protocolo de actuación para futuras crises humanitarias, é imprescindible que, cando se buscan voluntarios, se teña en conta os **intérpretes e tradutores profesionais** para evitar situacións como as que puidemos apreciar nos últimos días por descoñecemento deste labor (por exemplo, asignar homes para interpretar mulleres en posibles situacións de abuso). Do mesmo xeito que se acode a médicos e avogados, a presenza de intérpretes e mediadores profesionais é igualmente vital para garantir e protexer os dereitos fundamentais de todos os afectados.

Todo isto gárantese se se recorre **a intérpretes profesionais voluntarios**, non só para a propia interpretación, senón tamén para a **coordinación e formación** dos equipos de voluntarios. Só aquelas persoas preparadas e formadas para iso poden garantir o coñecemento e a sensibilidade lingüísticos e interculturais imprescindibles para unha comunicación eficaz entre os migrantes e os profesionais que os atenden. Trátase, en definitiva, de salvagardar os dereitos fundamentais de persoas extremadamente vulnerables.

A [Rede Vértice](#), que agrupa asociacións de tradutores e intérpretes profesionais con presenza en España, conta con máis de **6000 profesionais** que poden velar pola correcta execución deste tipo de intervencións.

Asociacións que apoian este comunicado:

Red Vértice



Sobre a Rede Vértice

A Rede Vértice é unha agrupación de asociacións de tradutores, intérpretes e correctores con presenza en España, formada por unha vintena de colectivos: AATI, ACEC, ACE TRADUCTORES, AGPTI, AICE, APTIC, APTIJ, ASATI, Asetrad, ATIJC, ATRAE, AVIC, EIZIE, Espaic, FILSE, IAPTI, MET, TREMÉDICA, UniCo e XARXA. Algúns dos seus obxectivos primordiais son coordinar as accións de todos os profesionais, representalos ante as Administracións públicas e contribuír a acadar mellores condicións laborais, así como garantir a calidade do traballo para o cliente e a sociedade en xeral.

Máis información:

www.redvertice.org